

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN

ceip.vales.villamarin@edu.xunta.es T.F: 981770017

No desenvolvemento evolutivo dos pequenos é normal que, en ocasións, manifesten condutas agresivas, desafiantes, de oposición ou desobedientes, rabechas. As pautas educativas habituáis normalmente acadan erradicar estes comportamentos. Pero moitas veces os pais e nais sítense desbordados ante estes problemas de conduta.

Reflexamos aquí unha serie de orientación e estratexias a ter en conta para mellorar os problemas de conduta dos vosos fillos/as:

Transmitirlle unha mensaxe de **amor incondicional** pero con normas. **Poñer normas e límites** é o primeiro paso para evitar os problemas:

- ✓ Adicar un tempo a falar cos fillos/ as dos valores, normas e expectativas.
- ✓ Crear unhas rutinas e hábitos diarios no fogar.
- ✓ Establecer regras e límites claros e aterse a eles.
- ✓ Evitar a confrontación sobre as regras. Non son negociables.
- ✓ Non “activar” ao neon/a: non berrar, non precipitarse, ser modelo de conducta reflexiva. Transmitir valores de respecto e convivencia. Non xogar con el ou ela a xogos que o alteren.
- ✓ Evitar a comparación entre irmáns, primos, amigos...para non favorecer os celos.
- ✓ Valorar o esforzo. Falar moito con el/ela, escoitalle e reforzar as súas conductas positivas.
- ✓ Reforzar sempre os comportamentos positivos e aplicar os castigos reflexivamente.
- ✓ Ensinar a enfrontarse ao fracaso. Os erros serven para aprender a facer mellor as cousas.
- ✓ Prever os problemas antes de que se produzan.

A comunicación entre os membros da familia, e sobre todo co neno/ a, é imprescindible para crear un clima saudable e aprender xuntos a solucionar conflitos. É moi importante felicitar e premiar as condutas positivas,



Que entendemos por problemas de conduta?

- Son condutas que deterioran o proceso de desenvolvemento persoal e social
- O comportamento é considerado como alterado en referencia a unha idade.
- A conduta problemática é altamente influenciábel polo contorno
- O mal comportamento repítese ao longo do tempo. Non se produce nun momento puntual.
- A conduta alterada afecta significativamente á relación do suxeito co medio social.

destacar as cualidades que ten o neno/ a, favorecer a participación en actividades deportivas, coñecer e facilitar as relacións cos seus iguais, compartir o tempo de lecer e diversión, deixarnos axudar por eles...

Estilo educativo unificado: É moi importante que os adultos que convivimos cos nenos/ as teñamos os mesmos criterios á hora de educar. No fogar é fundamental non ceder á manipulación dos fillos/ as, pois se algún dos membros da familia cede ante os seus caprichos as normas perderán forza. E por suposto é fundamental a **colaboración entre escola e familia**

Estratexias para eliminar conductas disruptivas

- ✓ Fixar unhas normas e as súas consecuencias sobre os aspectos máis importantes do funcionamento familiar. Cando non se cumplan actuar en consecuencia, mantendo a calma.
- ✓ Dar advertencias e unha marxe de tempo.
- ✓ Aplicar continxencias inmediatas.
- ✓ Dar reforzos positivos frecuentes (valorar o seu esforzo e eloxialo cando fai as cousas ben).
- ✓ Retirar a atención ante unha conducta disruptiva (eliminar a atención, todo tipo de contacto verbal ou visual, que actúa como reforzamento positivo)
- ✓ Empregar a recompensa (reforzadores sociais e emocionais, materiais, de actividade) máis que o castigo.
- ✓ Empregar a estratexia de coste de resposta (que supón a perda dun reforzador, por exemplo ver a tele, como consecuencia dunha conducta inadaptada, pegar, que se quere eliminar). Debe aplicarse de xeito inmediato á conducta non desexada.
- ✓ Empregar a estratexia de tempo fora (perder a oportunidade de obter reforzamento positivo durante un tempo). É o illamento social, que debe ser breve, e nun lugar non atractivo para o neno.
- ✓ Para que os castigos sexan efectivos teñen que ser aplicados o máis próximo posible ao mal comportamento; deben ter relación coa infracción (non ser desmesurados) e ser aplicados con tranquilidade e coherencia, explicando o motive; non se deben modificar ou levantar sen motive unha vez anunciados. Abusar dos castigos fai que perdan eficacia.
- ✓ Ser consistente e persistente.
- ✓ Evitar mensaxes negativos e estimular a expresión dos sentimentos.
- ✓ Transmitirlle expectativas positivas de cara ao seu comportamento e futuro.
- ✓ Estimulalo para que de o mellor de si mesmo e favorecer a súa autonomía persoal.

Buscar apoio

Cando a magnitude, frecuencia ou perseveranza no tempo de condutas inadecuadas son excesivas, pode precisarse da axuda de especialistas, para superar o desgaste psicolóxico e físico que provoca o conflito diario.

Podedes contar co Departamento de Orientación do centro para facilitarvos a axuda necesaria. Non dubidedes en poñervos en contacto ante calquera dúbida ou preocupación.

